

# O TIO MARCOS D' A PORTELA



*Os mandamentos d'o MARCOS*  
fica d' airexa, son seis:  
facer á todos xusticia,  
non casársé con ninguen,  
falar o gallego enxebre,  
cumprir c' o que manda a ley,  
loitar pol-o noso adianto  
con antusiasmo e con fé,  
vestir calzós e monteira  
peronnia sécula amen.

Teñen os pobos a gala  
n-o seu lenguaxe falar:  
falase chino na China,  
portugués en Portugal,  
catalán en Cataluña,  
e n-a Alemania, alemán,  
soilo os gallegos d' agora  
hastra vergonza lles dá  
falar a melosa e dolce  
fala que falan seus pais.

## PÁRRAFEOS C'O POBO GALLEGOS

Ano séutimo

Ourense 19 d' Abril de 1885

Parrafeo satenta e catro

### AS MULLERES DE CALVELO.

*Elas eran de Calvelo,  
elas de Calvelo son,  
elas eran de Calvelo...  
d' as que levan o pegan.*

Perderian á conta os que a levasen d' as de paus que s' armaron n-os turreiros c' o gallo d' as mozas e pol-a mor d' o viño: habería estadullos pra todolos carros que agora renxen n-a terriña, si se gardasen os fungueiros que n-as tempadas d' as eleuciōs serviron pra mallar o lombo d' os eleutores en contra d' o Goberno; pero mais que todo eso renderian os paus que se deron n-antronte, e que se dan hoxe si cadra pol-a mor d' as mulleres de Calvelo.

Calvelo é un lugar de satenta veciños, qu' ergue as suas chouzas entr' a vila de Maceda y-a feigresía de Gustavalle.

Xa fai tempo e non pol-os anos mil, sinón pol-os comenzos d' este siglo, que vivía en Calvelo un rico vinculeiro, d' eses que teñen facendas pra se manter á fartura e rendas pra gastar en galas abao. E como tiña n-a casa duas fillas solteiras como doux soles, que tiñan sona en sete legoas á redonda de vestiren pol-o xeito d' as señoritas de mais perendengues d' as vilas, o

vinculeiro víase n-o caso de ter pol-o ano adiante xastres e costureiras entretidos en facer ou compor traxes.

Os xastres que traballaban n-a casa d' o vinculeiro de Calvelo, non eran d' a caste d' o de Valiñas, que cosia de valde e puña á maiores as liñas, nin tampouco d' os remendos que andaban á secas botándolle unhas pilas ós calzós d' os veciños; eran xastres de lembradía que ó mesmo facian traxes d' homes que de mulleres, e tan feitos e direitos saían d' as suas maus unha chaqueta, un chaleque y-us calzós de rizo que unha muradana, un xustillo y-un dengue. Traballaban n-a compañía de costureiras repinicadas, d' esas que teñen moita fantesía d' agulla, que conocen os novelos de fio negro pol-a fiaza, e que saben enredar a madeixa n-o tocantes a parolas d' amores; d' esas que se gaban de non turrar d' o sacho nin de luxarse n-a cociña c' os potes; d' esas señoriteiras con reviretes de sabidas que por cortexos escollen os millores mozos d' alcaldia, que teñen a moita honra que as conezan n-as festas pol-o dedal de prata que levan cirimoniosamente n-a mao, e que de cantaren algo escomenzan sempre co-a cántiga sacramental d' o gremio:

Fixo muy ben miña nai

en poñerme á costureira;  
ven a auga, e non me molla,  
ven o sol, e non me queima.

Os xastres que xantaban como calóndrigos, y-as costureiras que s' alcontraban mantidas e folgadas como si foran fillas de príncipes, andaban á elas en desafío de chuscadas, con gran pracer e satisfacción d' o vinculeiro de Calvelo e d' as suas fillas, que rian a mais non poder as gracias e chistes d' as aduanerías d' agulla.

As mulleres que volven unhas pol as outras e que saben que os xastres son muy pillos, axuntábanse pra lle xogar malas pasadas ós dous vellos que cosian n-a casa, e vez houbo que ó poñer ó lume a prancha, deixárona quentar de xeito que ó collela o xastre pol-a asa s' aburase e lle saisen n-as maus duas vinchocas como dous pás centéos.

Non eran os xastres homes que se deixasen levar pol-o xenio, e lonxe de s' alritar tomaban á groma a falcatruada, dándose por satisfeitos con lle decir ás costureiras que as cousas tómansen como d' a mau de quen veñen e que as vinchocas n-as maus d' os xastres non tiñan comparanza c' os hinchumes que pol-a mor de ter as maus quedas lle saían ás costureiras que s' arrombaban.

N-outras ocasiós deixábans decir qu' inda qu' eran vellos n-o oficio curtaban millor unhas mangas que de costume, tendo diante d' os ollos costureiras tan xeitosiñas.

Cansas d' aquela loita de picardías de boa ley acordaron as costureiras pasárense á maiores, facéndolle ós xastres unha xogada que deixase sona e dese á entender que quedaran por encima d' eles.

Unha tarde d' o vrou dempois de xantar e cando o xastre mais mezo prendera n-o sono, atáronlle un adibal ós cadrís, e fuxindo d' a sala paseniño paseniño, fóreronse pr' a solaina, e dende ali escomenzaron á turrar pol-a corda, guichando pol-a rendixela d' a porta pra esculcar o que facía o xastre.

O que fixo, cálase, porque ven por mal conduto; pero non debiu ser cousa boa, cando o xastre quē tiña por costume levar con pacencia as falcatrúas d' as costureiras e d' as fillas d' o vinculeiro de Calvelo, anoxouse, tomou o feito por aldraxe e xurollas, rosmando que ll' as habian de pagar ben pagas.

A venganza non se fixo agardar. Outra tarde cando as rapazas s' alcontraban durmindo, axu-

dado pol-o seu compañoiro foi á bodega, colleu un pelexo vello, fixo co-as tixeiras us pegos redondos, quentounos ó lume hasta cuase derretoles e púxollos non sei onde—porque a noticia tampoco veu por bō conduto—á todal-as costureiras que s' alcontraban durmida, e deprocatañose de que o feito non lle faría gracia ó mesmo vinculeiro, acostumado á rir as picardías d' as suas fillas e d' as costureiras, fóreronse d' a casa pra non volveren mais á ela.

Inda ben non espertaron as d' o pegon, cairon n-a conta d' o conto, porque o anaco de pelexo turráballes mais de renegon que elas turraran pol-o adibal atado ós cadrís d' o xastre.

'O facerse cargo d' o feito, alcendianselle as meixelas de vergonza.'

Falouse d' o caso en todal-as feigresías d' os arredores e dende aquela escomenzouse á cantar n-as trulladas, n-os fiadeiros, n-as romaxes, n-as sachas, n-os turreiros e n-as mallas esta cántiga, que tempo andando era o maor d' os aldraxes que se lle poidera facer á unha moza de Calvelo:

Elas eran de Calvelo,  
elas de Calvelo son,  
elas eran de Calvelo...,  
d' as que levan o pegon.

A ningures iban as mozas d' o lugar que non oubisen o xuncras d' a cántiga. N-as feiras de Maceda ó ver unha de Calvelo, axuntábase un fato de mozos pra abouxalas cantando. N-a festa de Gustavalle tiñan as mozas de Calvelo que morder os lábeos oubindo que ó pasar por onda elas os mozos que andaban de rexouba pol-o turreiro, marmuraban con sorna: «Esas sonchie d' as d' o pegon.»

Un pái, cobizoso de que ninguén aldraxase ás suas fillas, agarrouse c' un mozo que tivera o estrevemento de lles cantar n-a cara a cántiga, meteuille unha navalla n-o bandullo, morreu de resultas, y-o probe d' o pai foi pagalas á presidio.

Pior que pior, o escandalo alcanzou mais sona e non había feira nin festa, nin fiadeiro nin malla, que non armasen unha de paus pol-a mor d' a cántiga, os hirmaus, sobriños, cortexos e parentes d' as mozas de Calvelo.

N-esta loita de xenreiras axudábanos as mulleres vellas ou mozas dicíndolles que non tiñan lacha n-a cara nin sangue n-as veas, nin forza n-as maus pra manexar un fungueiro, nin xenio nin fumes u-a cabeza pra facer, custase o que

custase, e saíse por onde saíse, que nin vellos nin mozos nin rapaces, se volveran á lembrar d'a condenida cántiga.

¡Mais nin por esas! Como si as algueiradas que s' armaban non surtisen efectos n-o lombo, n-a testa e n-os fuciños d' os cantores abafantes d' o pegon d' as mozas de Calvelo, hastra os que iban á xeitura á Maceda, pasaban pol-o lugar caladiños por si cicais os acantazaban as mulleres—que xa non era a promeira vez que o facian —mais en chegando á ermida de San Xoan que s' ergue á cen pasos d' as casas, púñanse á cantar berrando e respondendo á cada cántiga c' un aturuxo enxordecedor:

As mocínas de Calvelo,  
as que de Calvelo son,  
as mocínas de Calvelo,  
todas levan o pegon.

¡Premita Dios que se vos tollan as pernas! ¡Queira María Santísima que se vos bare a lingoa! ¡Ogallá que malos lobos vos xanten n-o camiño cando tal canténdes! ¡Qué santa Lucía faga con que malos pegóns vos ceguen!—escravamaban tremendo de coraxe as vellas de Calvelo oubindo o rayo d' a cántiga, que non parés sinón que foi semente de xenreiras n os lugares, aldeas e vilas d' a terra de Caldelas. ¿Quen foi o que calmou os ánemos alritados? ¿De qué figura se valeron as d' o lugar pra que se fose esquecendo a cántiga? As vellas crónicas nada falan d' o caso, e solo se sabe por un petrucio que morreu n-unhas pallas de fame dempois de servir trinta anos ó rey que duas mozas churrusqueiras e xeitosinhas de Calvelo que casaron con dous filalgos de Caldelas, tomando a cántiga á groma púñanse á cantar alí onde oubian a outra esta que sigue e que non porá en dúbida as verdás qu' encerra ningun hoíne de meolos, á non ser que a dúbida que servise pra que lle puxeran a proba diante d' os ollos:

Anque son d' as de Calvelo,  
anque de Calvelo son,  
anque son d' as de Calvelo,  
eu non vos teño pegon.

E sábese ademais por dous mozos d' Allariz que casaron en Calvelo e que pol-o mesmo son testigos de maor esceucion, que as suas mulleres nadan, criadas e deprendidas n-o lugar de Calvelo, e dempois de trinta anos que levan de matrimonio, tempo d' abondo pra s' enteirar de todalas circustancias d' o conto, anque teñen cousa que se lle pareza, non teñen nin tiveron pegon. Dous testigos contestes afirman e sosteñen o dito,

e d' elo poden dar fé todolos escribaos d' a terrinha inda que non se prautique a dilixencia d' unha vista ocular.

E pol-o mesmo eu que son amante de que desaparezan as xenreiras e vellos resentementos qu' inda hoxe latexan de vila en vila e d' aldea en aldea de Galicia, non sinto escrupulos de concencia en botarlle á enrabechada cántiga que n-outros tempos traguián n-a punta d' a lingoa os mozos de Maceda e Gustavalle, un pegon pol-a contra d' o que lle botou o xastre ás costureiras, pra que de hoxe en diante a canten por este xeito:

As mocínas de Calvelo,  
como gallegas que son,  
non levarán, nin levaron,  
nin nunca levan pegon,  
porque levan solamente  
aquele que Deus lles dou.

#### UNHA APERTA.

Alomeaba o sol entr' os pinales,  
y-aló n-a carballeira  
piaban os paxáros saudando  
o novo dia, en Vedra.

Collidos pol-a man e parolando  
están, detrás d' a igrexa,  
o sobriño d' o cura, Anton Muxicas,  
e Pepa a de Sabela.

—¿Olvidarasme, Anton?—dill'a rapaza—  
compriral-a pormesa  
de casares comigo cando volvas  
feito un señor d' Améreca?...

—Eu non te deixo mais, miña ruliña,  
qu' eres pra min, tí, Pepa.  
anaco d' o meu peito, sol brillante  
que n-o ceo fogueirea...

E si qués unha proba que, si veño  
non te deixo solteira,  
arrechégate á min e dam' un bico  
a troque d' unha aperta.

Puxo Pepa os seus beizos tan bermellos  
coma duas cereixas,  
pegados c' os d' Anton qu' agarimoso  
deulle unha aperta á ela.

E foise e non volveu. Ela quedouse  
c' unha filla n-a aldea,  
poñéndose tan fraca e tan cativa  
como unha acha seca.

E non se soupo mais. Tan só as linguas

d' a xente rexoveira  
chámanlle á Anton bō peixe y-a Pepiña  
rapaza moi lixeira.

Cando alomea o sol antr' os pináis,  
y aló n-a carballeira  
os paxariños chian saudando  
o novo dia, en Vedra...

A probe d' a rapaza esbagullando  
vaise á detrás d' a igrexa  
e tola pecha os puños, escramando:  
—Venm' á dar outra aperta!

LISARDO BARREIRO.

#### MORTO EN VIDA.

(MÁGOA).

Unha noite soñei qu' eu morto estaba,  
e que ceibo o espíritu voába  
por non vistas rexiós;  
y un vago malestar sentín n-a y alma  
y-o mesmo tempo imparolabre calma  
atopaba n-o dooor.

Anque solo n-o chan tripaba espiñas  
e n-hachaba pasiós, puras, tenriñas  
en que ledo gozar,  
sentia medo por deixar a vida.  
¡Sempre amamos a cousa conocida  
anqu' encerre un gran mal.

As dudas que n-o mundo m̄a magoaban,  
os deseos que sempr' en min reinaban  
sintinos renacer;  
y enton quixen tamén que a y alma miña  
si n-o ceo tampouco calina tiña  
que volvera á morrer.

Tola ansiedá d' un alma esconsolada!  
Anque goce d' a dicha deseada  
non se conforma, non;  
un camiño sin fin é o que s' alcanza,  
pois si cumple un deseio, outra esperanza  
volve á nacer en nos.

Espertei n-a mais densa escuridade;  
Demais ainda pensei qu' era verdade,  
qu'a morte estaba en min.  
Vin as sombras ó rente d' o meu leito,  
y outras sombras mais mouras dentr'o peito,  
y enton a morte vin.

Si a vida está n-o corazon — pensaba —  
y-o teño morto, y-en callada lava  
trocáranse as pasiós,  
é verdá o meu sono fuxitivo;

eu levo a morte en min, anqu' estou vivo,  
pois nin frio me siente o corazon.

L. U. GRÍS.

#### DENDE SANTA MARIA DE PAU.

Dinantes de me dirixir a vosté, vello d' as  
brancas guedellas, meu TIO MARCOS D' A PORTELA,  
consultóilleme c' un sabido que ten xusta  
lembadía n-a nosa terra. Non falo, pois, por  
boca de ganso, por mais que ll' escriba con pru-  
ma d' o mesmo paxaro. O que me socedeu tenlle,  
non puntos sinón puntos de comparanza c' o que  
lle pasou a moitos sacerdotes d' as vilas andalu-  
zas afrixidas polos terremotos. Por un pouco  
non dou a gran campanada como Pidal n-o na-  
gocio d' as pastorais d' os obispos. Si me desco-  
ido pónseme a torre d' a eirexa por monteira, como  
se lle puxo a Canovas entre cexas e cexasoster ó re-  
presentante d' os mestizos n-o Ministerio. Seica ó  
vento colleu insinanzas de Bugallal, pois ansi  
como quen dí «amen» botou abaixo unha d' as  
derradeiras noites a torre d' a parroquial de San-  
ta Maria de Pau, tal e como se botan agora por  
terra os auntamentos elexidos pol-o pobo.

O caso foille d' esta maneira. O vispora a  
noite alcontrábame lendo n-os seus parrafeos a  
*Justicia d' o Goriño d' Estrada* á luz d' un  
cabucho que teño pr' alumear a Santa Barbara  
cando trona — pois non son partidario de que en  
casa de ferreiro haxa coitelo de pau, — cando a  
miña muller, vendo que tiña a luz alcesa e rín-  
dome soletreaba n-o parrafeo, díxome que me  
deixase de leuturas, qu' apagase o cabucho e que  
me fora deitar. Vosté xa sabe que as mulleres  
son muy aforronas. Mais eu non lie fixen caso e  
siguin lendo hasta entopezar co-a besta desfuci-  
nada d' o maor d' a xusticia de Santiago; eston-  
ces deume tal risa que s' apagou o cabucho á  
forza de rir.

«On volvíchete tolo, ou andas a elas e o dia-  
ño» — rosmou a muller pol-o xeito con que debullo  
un responso de *Memento*.

Cobicei alcender o cabucho pra forme á leu-  
tura de novo; pero como non tiña mistos, queiras  
non queiras deiteime.

E durmin como dormen os gobernantes dem-  
pois de ll' espremer o xugo ós labregos; durmin  
á perna solta.

Pol-a mañanciña cedo, erguinme como de  
costuma pra ir á eirexa a dar o toque d' alba,  
mais como inda non se me barreran d' a memoria  
os chistes que topei n-os seus parrafeos, volta a  
ler n-eles e volta a rir, esquecinme de collar as  
chaves que botei de menos ó chegar á porta d' a  
torre.

Desandei o camiño andado e cheguei á casa  
cando a muller s' alcontraba sentada n-o leito  
restregando os ollos.

Perguntoume por que non tocara e conteilla  
a verdá, porque se m' esqueceran as chaves. «Eu

non-o dixen? ¡Eses parrafeos d' o "Tio" MARCOS devánanche os meolos e milagre será que non chegues a perdel-o xuicio! ¡Mais valera que por acó non chegase ese vello ou xuncras!—repricou agarrando o parrafeo e poñéndoo en anacos.

Digolle TIO MARCOS que non é por lle lavar a cara, pero por un pouco non lla desfago á miña muller pra que non lle quedasen ganas de repitir o feito; mais como tiña presa e como os sancristás n-a parte que nos toca como membros d' a eirexa, estamos n-o caso de dar exemplo de pacencia ós feigreses, sain d' a casa e alancando funme de car à torre pra dar o toque d' alba.

¡Ay, meu vello, vénia a hora en que pol-a mor de vosté se m' esqueceron as chaves! De súbito oubin un barullo tremendo, como si o ceo s' axuntase co-a terra, cegoume unha nube de polvo e quedei com' unha estautua sin dar conta d' o que me pasaba. A torre d' a eirexa c' o cora-xudo ímpetu d' o vento, esfarelouse como si fose feita de borralla.

Cando a miña muller soubo o caso, e convenida de que pol-a causa de vosté me librara d' unha morte certa, desfixose en laudes pro patron d'a Portela, e si as que lle pidiu a Dios lle veñen, xúrolle que non haberá en Galicia labrego mais rico, con mellor saude e mais feliz que o TIO MARCOS, de quen todol os de monteira mais cedo ou mais tarde terán que ser compañeiros e suscritores, pois d' elo é merecente como llo deseja o seu admirador e sancristan.

VICENTE D' O PENEDO.



#### A FESTA DE SAN WINTILA.

Furmiguean os romeiros  
n-os wagós, o tren subia,  
e sai a locomotora  
centeleando muxicas;  
o moustruo de ferro alanca  
pol-os railes d' a via,  
nubes de fume deixando  
como estela fuxitiva  
pol-os aires, que se perden  
aló enriba, muy enriba,  
y-a burbullos pol-as bocas  
de vez en cando gomita  
en candescente mistura,  
auga quente, vapor, cinsas.  
Os romeiros n-os wagós  
con pracer e conlegria,

cantan copras, aturuxan,  
ou ben pol-a caladiña  
van acomodo buscando  
os mozos y-as raparigás.

A férrea serpente chega  
á Barbantes; asubía  
de novo, e rosmando ronca  
detense cal si a feriran.

Os romeiros á barullo  
d' os wagós á presa brincan  
e como poden, en runfla  
de car à Punxin camiñan.  
Foguetes de tres estralos  
que estrondan n-o aire á profia,  
cregos que cantan n-a eirexa  
a mais solene d' as misas,  
devotos qu' entran e saen,  
campanas que repinicán,  
cegos que a zanfona tocan  
entoando as suas copriñas  
n-as que ós santos chaman demos,  
ánxeles ás Mesalinhas,  
e fidalgos ós coachas  
e zapateiros d' a vila;  
maridos que levan cestas,  
nenos que mercan rosquillas,  
cortexos aparexados,  
solteiras postas en ringla,  
casados novos e vellos,  
qué conversan e latrigan,  
fato de mozos que andan  
de riola n-a romaria;  
santeiros que á puxas venden  
os lacós, millo e galinhas  
que ó santo en ofrenda deron  
devotos d' aldeas e vilas;  
merendas pol-o agro adiante,  
o viño en xerras e pipas,  
pulpo en pratos e caldeiras,  
cumida, moita cumida;  
probes que piden a berros  
lle den unha limosniña;  
moitos lañás xa c' o viño  
que á cabeza lle rubira  
armando c' os mais quimerias  
acamballados co-a chispa;  
dous que promoven un lio,  
outros dous que acolá rifan,  
a garda civil poñendo  
as paces co-as carabinas;  
larpadelas pol-a nova,  
comilonas pol-a fina,  
parexas que por querer  
vánse perdendo de vista,  
fillas que fuxen d' os pais,  
pais que se velan d' as fillas,  
primos que ll' están facendo  
a rosca d' o galo ás primas  
e sin qué ningún os vexa  
agasallallas cobizan,  
pol-a mor d' o parentesco  
e pol-o amor á familia;  
mozos que len de corrido

e que saben a cartilla,  
facendo eses n-o aire  
e n-a terra xeometría;  
a gaita que soa de lonxe,  
a murga que condanida  
dando pitadas abouxa  
ás xentes menos artísticas,  
pandeiretas que se tocan  
son de ferros e cunchirias,  
exordecentes atruxos,  
algús morras, moitos vivas,  
un xentío en movemento,  
unha cibdá n-a campía,  
pol-as carballeiras moitos  
cadros vivos e realistas,  
tal vos foi n-o ano que corre  
a festa d' o san Wintila.



O diputado provincial D. Xan de Porqueira, dixo n-cha d' as derradeiras sesiós que o presupuesto d' a provincia íbase volvendo unha merenda d' ourensaus.

Debeu haber aquivoco n-o dito: fóiselle a lingoa e non falou o que cobizaba: quixo decir que era unha merenda d' *ouro en sacos*, porque os d' Ourense non merendan n-o presupuesto d' a provincia.

Eso fano os de Pontareas, os d' o *Alcroque* y os fillos d' os diputados provincias que teñen padriño.

Os políticos d' Estrada entendérona. Arranxaron unha caste d' axuntanza de *socorros mutuos* contra riveses políticos e xa poden cair os cas de palleiro de todolos Gobernos, qu' eles sempre quedan de pé com' o gato, e n-o poleiro d' alcaldia. Estes paxaros son de todalas pintas: háinos roxos, brancos, marellos e mouros.

¿Rube Cánovas? Pois hay un *serafín* n-a compañía que conserva n-o *pazo* á todolos mais, y-un *arcinzel Miguel* que pon baixo d' os pés á todolos diaños que fagan mentres d' esgarabéllar c' o rabo pra lles limpar o comedero.

¿Qué manda Sagasta? Pois compónense de xito que siguen mandando.

Aforaron o nabal e non-o deixan nin que lles poúan preito.

Inda n-o caso de trocar de sistema de Goberno o país, teñen o cotarro asegurado, pois contan c' un *couceiro* pra dar couces, c' un *paseiro* pra camiñar a modiño pra non cair, c' un *pastor* pra que lles arrecade o gando e teña tino de que as

ovellas non s' escarrien, e c' un *lores* pra facelos a todos louros n-o caso de que cadre ou conveña.

A política n-a Estrada  
fámina xente aproveitada.

N-un banquete que houbo n-Habana en agasallo de D. Xosé Gomez Lourido, presidente d' o Orfeón *Ecos de Galicia*, brindouse pol-o TIO MARCOS D' A PORTELA.

O brindis foi acollido con atroadores aprausos, e prenunciouse entr' as copas d' ese viño que ferve.

\* Tamén o corazon me ferve n-o peito sabendo que aló n-aquelas terras onde dormen o derradeiro sono tantos gallegos, hay quen se lembre de min.

¡Meus compañeiros de monteira, o voso brindis resoó n-o meu espírito con arrouadora armonía, co-as notas de fogo que presinto resoarán n-o hino de gloria d' o noso porvir!

N-o Auntamento de Barbadás fixeronlle carreiar á un labrego mais de cen carros de terra que por consello d' os veciños de Mugares botara n-un resío d' a carreira de Barbadás cando andivera d' obra.

Y-eso qu' o secretario déralle palabra de componer o acarrexo. Segun contas, o carro andaba tan lixeiro que non parou en dous días de levar terra.

O dono se ten a culpa. Alguen sin que se deprocataste ll' untou os eixes.

O carro que se unta  
dinantes de o levar á carretada,  
non necesita mais que media xunta  
pra facer a xornada.

Xa ten Ourense novo Auntamento. O presidente señor Fernandez Boan, inaugurou as sesiós c' unha aleluya.

E pol-o mesmo eu anque vou vello  
imitarei ó xefe d' o concello.

Dixo noso novo alcalde,  
e seica o dixo de valde:  
«O voto d' o concexal  
señor D. Xose Vidal.»  
Dempoixa votou de gana  
o D. Xan Manoel Pastrana.  
Sanchez e Gutierrez dan  
candidaturas n-a man.  
Mira a sua de soslayo  
o D. Luisiño Pedrayo.  
O secretario entramente  
rasca a orella e limpa os dentes;  
aficións extravagantes  
que teñen moitos cesantes.  
Pepe Maria Picouto  
mete n-a urna o seu voutho

(lenguaxe d' os concexales alcroquisteño-rurales), e non sei si por errata Anton Silva mete a pata. Garza o concejal, escoita tan fresco com' unha troita. Elexíronse tenientes ós catro mais diligentes. Un capitán retirado o promeiro foi lembrado. O segundo, o concejal señor don Xosé Vidal. E foi lembrado terceiro un Miguel muy migueleiro. Y-evos o cuarto teniente o Pedrayo cuasemente. ¡Xa temos corporacion! (Noticia de sensacion). O falar de varios modos algúns s' acenan c' os cedos. Pra dicir que sí a bao os pés rascan contra o chao. Como o millor sancristán toca a campaíña Boan. Varios que n-están n-o allo tómama por un chocallo. Namentres qu' o alcalde fala Sanchez o perito cala. E sempre qu' o alcalde mira o de Pastrana sospira. A discussión s' aparella pol-o xeito d' a paella. Anque pra calquera listo poidera pasar por pisto. ¡Dempois d' un tilin tilin á sesión déuselle fin! Os gardas municipais saudan ós concexales, temendo de que lles toque ó destino un d' os d' o Alcroque. Quedou valeiro o salón hastra a promeira sesión.



Algúns concexales d' o Auntamento de Villamarín foron procesados pero non-os suspenderon. Pol-a contra d' o que lles pasa outros, que sin procesalos suspéndenos.



N-a nova ley municipal ordéase que as urnias sean de vidro.

¿De vidro habendo fungueiros n-a terraña? Non haberá urnias que cheguen.

Que falen os eleutores de Lalín, d' a Estrada, e de Xunqueira d' Ambia, onde os que votan saen co-as maus n-a cabeza.

Si queren que as urnias sean de vidro pra que se vexan as candidaturas e non se podea meter a mau mais que o facer o escrutinio, errárona, porque non s' esquecerán os caciques d' aduanar pra meter as candidaturas que conveñan sin que ninguen se deprocate.

Pra que as eleuciões sean lexítimas non abordan as urnias de vidro; é menester que os que haxan de ser alcaldes e concexales nazan sin estómago.



En Vilar de Barrio non contando os conservadores con concexales d' o seu pau entr' os vivos, fóreron buscar entr' os mortos e nembraron a catro difuntiños.

[Home]—Que pra sair d' unha apurada faga con que aparezan os mortos votando, inda pode pasar; pero que os obliguen á deixar a coba pra asistir ós concellos y andar a elas c' os alcaldes, eso é croel por demais.

Supón que si eses concexales toman posesión oficialmente, o promeiro que pidirán, será que se faga un címentorio n-as millores condicíos e onde non podian os zumezugas d' a política metérense c' os mortos cando por comenencia os busquen.



CORREO D' O TIO MARCOS.

D. L. D. B., Tuy.—Recibin unha libranza de tres pesetas pol-a sua suscripción hastra os derradeiros de Xunio. Trocouse a faixa segun as suas órdes.

D. R. F., Monforte.—Recibin seis reás pol-a sua suscripción hastra os derradeiros de Xunio.

D. X. C. E., San Lucar de Barrameda.—Recibin unha libranza de tres pesetas pol-a sua suscripción hastra os derradeiros de Setembre. Agradezo n-o que valen os seus laudes.

D. M. D., Tuy.—Recibin seis reás pol-a sua suscripción hastra os derradeiros de Xunio.

D. A. A. P., Tuy.—Recibin tres pesetas pol-a sua suscripción hastra os derradeiros de Setembre.

D. X. A. C., Santa Marta d' Ortigueira.—Recibin seis pesetas pol-a sua suscripción hastra os derradeiros de Marzo d' o ano que ven.

D. F. A. G., Castro de Ribera d' o Eo.—D. R. M. I., de Mondoñedo mandou unha libranza de tres pesetas pol-a suscripción de vosté hastra os derradeiros d' Agosto. Non se lle suspenderon os perrafeos como pensa, pois siguíronsele mandando.

Sonlle os lañas de correos que teñen as maus lixeiras, e saben os parrafeos achantar n-as faltriqueiras.

D. A. G., Trives.—Recibin seis pesetas pol-a sua suscripción hastra o trinta d' Abril d' o ano que ven.

IMPRENTA D' O ECO D' OURENSE.



## O TIO MARCOS D' A PORTELA PARRAFOS GALLEGOS

Sai á luz en Ourense todolos domingos en oito páxinas en sólio, contendo artículos de costumes, poesías, esemérides, cantares e contos d'o país gallego.

### SUSCRICION

Seis reás cada tres meses.

### ADMINISTRACION

Alba, 15, Ourense.

O pago d' as suscripcións é por adiantado.—Os números soltos vénense á dez centimos de peseta.  
—Os pagos faranse en letras d' o xiro.

## ALMACEN DE ULTRAMARINOS DE D. RAMON QUESADA, PRAZA MAOR=OURENSE

Gran surtido de bacalao d' Escocia e de Noruega, esca-beches en latas e barriles, ostras, lamprea, salmon, rodaballo, besugo, congrio, sardiñas, e pra que nada falte tamen vos hay bacalao a vizcaina, bacalao a catalana e pulpo.

Latas de pementos, mixilôs, guisantes e froitas en conserva.

Quicixos de bola e de todal-as castes e salchichôs de Vich.

*Precios económicos en competencia c' os conocidos.*

